

Que bonito é compartir!

Un día de primavera chegaron a Sta Comba dous irmáns moi pobres, viñan con pouca roupa e ademais tiñana rota; viñan convidados á casa dun amigo meu que vivía nun chalé.

Cando entraron na casa e viron a Tele acesa, quedaron abraiados, nunca tal cousa viran nin oíran. Viñan os irmáns cansos e con moita fame, o meu amigo Brais e a súa nai tiñanlle a mesa preparada con moitas lambetadas, pasteis e tortilla; daba gusto ver como os nenos acabados de chegar comían e comían todos contentos. Ao rematar foron pasar a tarde ao parque, alí xogaron co balón con todos os nenos e pasárono moi ben. Xa cansos e de noite voltaron para casa, a nai de Brais indicoulles o baño para lavárense antes de cear; cando viron aquela bañeira coa auga corrente comezaron a rir e a abrazarse un no outro, era a

primeira vez que se lavaban con auga corrente e con xabón de olor.

Á mañá seguinte víron como Braís ía para a escola coa súa mochila ao lombo. Que ganas tiñan de acompañalo! pero non tiñan nin libros, nin mochila, nin lapis de cores. A nai do meu amigo ao darse conta da súa tristura preparoulles unha maletina a cada un con roupa do seu fillo e con material escolar, que levaron de volta a súa casa.

